

ACORDO do 21 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) en relación co proxecto do **Parque Eólico Piago e a súa infraestrutura eléctrica de evacuación**, nos concellos de Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro **(expediente IN408A 2020/25)**. DOG Núm. 127, de 6 de xullo de 2021. Fin prazo de alegacións: 17 de agosto de 2021.

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS	IMPACTOS AMBIENTAIS	UN PARQUE EÓLICO ENRIBA DE HUMIDAI, BRAÑAS, LAGOAS....
Parque Eólico Piago. Proxecto de Execución do Parque Eólico Modificado Nº1 e Modificado Nº1 de Infraestrutura Eléctrica Evacuación	Naturgy Renovables, S.L.U.	<p>Cervo, Xove, Viveiro e O Valadouro (Lugo)</p> <p>O parque prevé a súa localización nas paraxes seguintes:                      Alto de Madriñán, Pedroso Novo, Chao de Abelaedo, Redonda, Penido das Xeixas, Apaceira das Bestas, Cabaleiro e A Mariña, no municipio de Cervo.</p> <p>.....</p> <p>Afección a montes veciñais en man común:                      • Monte Buio: inclúe o apoio 32 da liña aérea de evacuación e o tramo subterráneo de liña entre o</p>	<p>8 aeroxeradores modelo Enercon E-138 de 3,5 MW, ou similar, de 3.450 kW de potencia nominal unitaria cunha altura de buxeiro de 154 metros e un diámetro de rotor de 138 m.</p> <p>Torre meteorolóxica de 154 m de altura.</p> <p>Centro de seccionamento (CS), composto por edificio prefabricado que alberga as celas de media tensión de 30 kV necesarias, transformador de servizos auxiliares (SSAA) de 25 kVA de potencia nominal e relación de transformación 30/0,42 kV, grupo electrógeno de emerxencia e resto de equipamentos de protección, medida e control requiridos.</p> <p>Liña aéreo-subterránea de 30 kV, entre o CS e a SET 30/132 kV para evacuación da enerxía producida, de dobre circuíto e composta polos seguintes tramos:</p> <p>Tramo soterrado, con orixe no CS e final no apoio nº 1 PAS, cunha lonxitude de 149 m, condutor tipo RHZ1-2OL 18/30 kV e cable de fibra óptica tipo PKP.</p> <p>Tramo aéreo, con orixe no apoio nº 1 PAS e final no apoio nº 32 PAS, cunha lonxitude de 6.863 m, 32 apoios, condutor tipo 337-AL1/ 44-ST1A (LA-380) e cable de garda e comunicacións tipo OPGW 24-64F.</p> <p>Tramo soterrado, con orixe no apoio nº 32 PAS e final na SET, cunha lonxitude de 97 m, condutor tipo RHZ1-2OL 18/30 kV e cable de fibra óptica tipo</p>	<p><b>Afección severa aos recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:</b></p> <p>O río Covo nace na vertente Nororiental do monte de Pan de Vella, na localidade de Pedro Altos. O seu percorrido é de 18 km ata a súa desembocadura no Cantábrico por medio da Ría de Leiro. As augas deste río son almacenadas no encoro do río Covo no municipio de Cervo, localizado a uns 2.500 m ao Norte do parque.</p> <p>- O río Xunco nace nos Montes de Buio, pasa polo val da Fionza e desemboca, tras 20km de percorrido, na enseada de Rueta, despois de deixar as terras de Sargadelos.</p> <p>Adxacente á aliñación que conforman as varios regachos; os que se atopan ao leste do emprazamento flúen cara ao río Xunco e os que se atopan ao oeste flúen cara ao río Covo.</p> <p>Na zona este atópase rego do Outeiro, o arroio Vilariño co rego da Lagoa como afluente, rego de Cabreiro e rego das Folgueirosas.</p>	<p>Adoitan as empresas promotoras eólicas de localizar as estruturas eólicas enriba das nascencias de ríos e cauces. No presente caso o parque ubícase directamente sobre humidais, algún deles proposto incluso polo Ibader para a súa constancia no Inventario de Humidais de Galicia, ese inventario no que non consta ningún humidal, a pesar dos traballos realizados polo Ibader con cargo ao programa Life e o tempo transcorrido desde a creación do inventario. A mercantil promotora asenta directamente as súas infraestruturas en turbeiras, lagoas, brañas, humidais e zonas de alto valor ambiental e ecolóxico. A mercantil promotora insiste e remarca o carácter temporal das charcas, sen embargo, isto non é así. Por un lado, o propio Ibader propón as Brañas do Cabaleiro como humidal</p>

	<p>devandito apoio e a subestación eléctrica, así como a liña de evacuación 132 kV e a liña de abastecemento MT 20 kV.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Monte Lombo Gordo, Chao das Lagorzas, Cruces e Cabaleiro: inclúe 60 m do tramo subterráneo da liña de evacuación desde o seu comezo no centro de seccionamiento en dirección ao apoio 1.</li> </ul>	<p>PKP.</p> <p>– Subestación elevadora (SET) 30/132 kV (Piago). Liña aéreo-subterránea de 20 kV, para a alimentación dos SSAA de VDE, de simple circuíto e composta polos seguintes tramos:</p> <p>Tramo soterrado, con orixe na SET e final no apoio nº 1A PAS, cunha lonxitude de 25,63 m e condutor tipo RHZ1-OL 12/20 kV.</p> <p>Tramo aéreo, con orixe no apoio nº 1A PAS e final no apoio de entronque coa LMT que alimenta o CT Turberas de Buio, cunha lonxitude de 1.863 m, 17 apoios e condutor tipo AL1/A20SA (LARL 56).</p> <p>– Liña aérea de 132 kV, entre o pórtico da SET 30/132 kV e o apoio nº 2E, para o entronque previsto coa LAT 132 kV PE Buio-SE Boimente, propiedade de VDE (para a súa apertura, con entrada e saída na SET), de dobre circuíto, cunha lonxitude de 282,53 m, 2 apoios, condutor tipo 242-AL/39-ST1A (LA-280) e cable de garda e comunicacións tipo OPGW 48 fibras.</p> <p>.....</p> <p><b>Prexuízos significativos para as familias que viven e residen nos núcleos rurais próximos ás infraestruturas do parque e da liña de evacuación:</b></p> <p>O Monte (Santo Isidoro) a 490 m liña evacuación 30 kV apoio 20  O Loureiro a 239 m liña evacuación 30 kV apoio 22  As Penas Agudas a 857 m liña evacuación 30 kV apoio 19  Riobó a 760 m liña abastecemento 20 kV (apoiado entronque)</p>	<p>Na zona oeste atópanse o rego dá Santa, rego Matabón, rego Asteleiro e rego do Tesouro. Pero hai outros moitos regos nominados que a mercantil promotora obvia mencionar: Rego Pereiro e Brañon da Tella, Rego Grande, Río Paz, Rego Cabado, Tres Fontes, Río Covo, Rego de Cabana Nova, rego de Asteleiro, Fonte das Lamestras, Penas do Rego Pereiro, Fonte dos Niños, Tres Fontes Fonte de Maruxa, Rego das Varas, Arroio da Lagoa, Rego do Medio, Fraga Fonte de Arriba, Rego Mozo, As Pozas, Rego Salgueiro, Lamosas, Poceira das Bestas...e outros regos innominados afectados polo proxecto e outros que fican dentro da poligonal do parque eólico. Polo tanto, a empresa debe realizar un estudo hidrolóxico serio xa que a afección ás masas de auga é moi importante nun proxecto que prevé asentarse literalmente enriba delas e que debe ser compatible coa protección dos recursos hídricos e o cambio climático. E para empezar xa obvia unha mancha de masas de auga directamente afectadas, e que non só é o arroio Vilariño no acceso principal ao parque, senón moitos outros cauces afectados por distintas infraestruturas.</p> <p><b>Afección severa ás masas de auga soterradas, acuíferos e captacións de auga para consumo humano e as explotacións agro –gandeiras da poligonal do parque:</b>  non avaliado pola promotora.</p> <p><b>Afección ás zonas protexidas de auga potable (ZPAP) lineais e poligonais:</b>  non avaliado pola promotora.</p>	<p>protexido no ano 2017, feito obviado pola Xunta de Galicia que mantivo o Inventario sin incluír ningún. Pero ademais a rica toponimia e microtoponimia reflicte o carácter destas terras regadas por multitude de cauces e fontes: Brañón da Tella, Lagoa, Poceira das Bestas, rego da Lagoa, Lamosas, As Pozas...etc. Véxase o documento denominado “Conservación e Xestión de Humidais en Galicia” de Pablo Ramil-Rego Luis Gómez-Orellana Javier Ferreiro da Costa (Editores), Lugo. Ano 2017 e financiado con cargo ao programa europeo Life Tremedal, na páxina 27 “Táboa 14- Proposta de humidais que atendendo á súa importancia deberían ser designados como Humidais Protexidos”. Nunha notificación do 22/03/2021 o Subdirector Xeral de Espazos Naturais, Tomás Fernández-Couto Juanas, indicaba literalmente: “A día de hoxe non hai ningunha resolución de inclusión publicada no Diario Oficial de Galicia,</p>
--	---	---	---	--

			<p>A mercantil promotora non indica as distancia do parque aos núcleos habitados, se ben fican dentro da poligonal do parque e por tanto, dentro da superficie afectada.</p>	<p><b>Afección severa e prexuízos significativos para humidais, charcas e brañas:</b>          impacto non avaliado pola empresa promotora a pesar da existencia de charlas permanentes, lagoas, brañas e humidais.</p> <p><b>Afección severa a Hábitats prioritarios e de interés comunitario:</b>          4030. Brezais secos europeos          4020* Brezais húmedos atlánticos de zona templadas de Ericaciliaris e Erica tetralix          7110* Turbeiras altas activas 8230. Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo Scleranthion ou doSedo albi- Veronicion dillenii          91E0*. Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus          9230. Bosques galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica.          8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii.          Este hábitat atópase representado nos pasteiros por onde discorre a liña de abastecemento á subestación eléctrica de Piago pero tamén en torno aos aeroxeradores.</p> <p><b>É preciso recalcar que os aeroxeradores e as infraestruturas do parque afectan directamente e implican prexuízos irreparables para o hábitat prioritario 4020* que fica eliminado permanentemente coa construción das plataformas do parque. E este dano é irreversible.</b></p> <p><b>Vulneración flagrante da Directiva</b></p>	<p><i>polo que non hai ningunha zona húmida inscrita no Inventario de Humidais de Galicia”.</i>          E ante a pasividade da Dirección Xeral de Patrimonio Natural atopámonos agora con empresas que prevén asentar directamente os parques enriba de humidais.</p> <p>Como ben indica o documento anteriormente citado:  <i>“A instalación de parques eólicos tamén tivo un efecto moi negativo sobre os humidais de montaña, causando importantes perdas (Ferreiro da Costa et al. 2013) tanto en queirogais húmidos como sobre os ecosistemas de turbeira (turbeiras de cobertor, turbeiras altas), así como sobre medios lacunares. A ZEC Serra do Xistral volve destacar no computo destas perdas, aínda que as mesmas tamén poden detectarse noutros espazos da Rede Natura 2000. Os</i></p>
--	--	--	--	---	---

				<p><b>92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.</b></p> <p>“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, <b>nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario</b>”.</p> <p><b>Afección á Rede Natura 2000. Falla da avaliación das repercusións sobre a Rede Natura.</b></p> <p>*ZEC-ZEPVN “Serra do Xistral” á beira do apoio número 32 da liña de evacuación MT 30 kV e do apoio de entronque da liña de abastecemento MT 20 kV.</p> <p>*ZEC-ZEPVN “Monte Maior” á beira da liña de evacuación e preto da liña de abastecemento.</p> <p>*ZEPA “Costas de la Mariña Occidental”</p> <p>*IBA “Punta Candieira – Ría de Ortigueira – Estaca de Bares” a escasos 600 metros.</p> <p>*Reserva de la Biosfera “Terras do Miño” a escasos metros da liña de evacuación 30 kV.</p> <p><b>Afección severa á avifauna:</b></p> <p>As especies de Circus pygargus, Rhinolophus ferrumequinum e Chiloglossa lusitania atópanse catalogadas como Vulnerable tanto no Catálogo Rexional como no Nacional de</p>	<p><i>efectos negativos da instalación dos parques eólicos sobre os humidais de montaña de Galicia foron sinalados cando esta actividade irrompía con forza no noso territorio (Ramil-Rego &amp; Ramil-Rego1995, Izco &amp; Ramil-Rego, 2001). Anos máis tarde non se pode dúbida do impacto xerado por este tipo de instalacións sobre as áreas de montaña, máis aínda cando as mesmas se realizan sobre áreas de gran valor ecolóxico, como distintos autores teñen destacado tanto para Galicia como para outros territorios de Europa (Gómez-Orellana et al. 2014a,b; Atienza et al. 2011; Copena &amp; Simon, 2012; Fagúndez, 2008, Bright et al. 2006, 2009; Lindsay &amp; Bragg, 2004; Pearce-Higgins et al. 2009). A todas estas perdas de superficie de humidais, únense as causadas pola explotación de recursos do subsolo,</i></p>
--	--	--	--	--	--

			<p>Especies Ameazadas. As especies Circus cyaneus, Rhinolophus hipposideros, Natrix natrix, Lacerta lepida, Iberolaceta monticola, Anguis fragilis cephalonica, Ra temporaria, Ra iberica, Hyla arborea, Píntega píntega e Discoglossus galganoi atópanse catalogadas como Vulnerable no Catálogo Rexional de Especies Ameazadas.</p> <p><b>Prexuízos significativos para a flora protexida:</b></p> <p>Narcissus minor subsp. asturiensis atópase catalogada como “Vulnerable” segundo o Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo Galego de Especies Ameazadas.</p> <p><b>NO RELATIVO Á AVALIACIÓN AMBIENTAL DO PROXECTO EÓLICO SOBRE A ESCRIBENTA DAS CANAVEIRAS, EN PERIGO DE EXTINCIÓN:</b></p> <p>En relación á escribenta das canaveiras e o proxecto eólico, que ten incidencia sobre a especie, indicar que a Xunta de Galicia, tras darse a sí mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humidais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción. A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parques eólicos que afectan a esta especie con charcas, brañas e humidais cuxo perímetro están sen determinar, como é o presente caso, e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da</p>	<p><i>destacando as explotación de áridos sobre distintos humidais galegos, así como a explotación de turba existente nos Montes do Buio, destinada a ser empregada como substrato de xardinería”.</i></p> <p><b>AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS IRREVERSIBLES PARA O BOSQUE DE RIBEIRA E O BOSQUE AUTÓCTONO GALEGO NO CRUZAMENTO DOS RÍOS E NOS DENOMINADOS “PASILLOS DE SEGURIDADE”:</b></p> <p>Nas marxes dos ríos Xunco e Covo aparece un bosque de ribeira composto por amieiro (Alnus glutinosa), salgueiro (Salix sp.), castiñeiro (Castanea sativa), bidueiro (Betula alba) e freixo (Fraxinus excelsior) acompañados de arbustivas Cytisus sp, Crataegus monogyna e Cornus sanguinea e herbáceas tales como fentos (Osmunda regalis e Pteridium aquilinum) e nabo do diaño (Oenanthe crocata). Pero esta vexetación non só está nestes dous ríos</p>
--	--	--	---	--

				<p>que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as mercantís promotoras eólicas como é este caso. Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que: "2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do periodo indicado. O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que: "A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto". "Debido ao declive poboacional estimado e ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando. "A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da</p>	<p>principais senón nos distintos cauces aos que afecta o proxecto. Esta unidade de vexetación está catalogada como hábitat de interese comunitario prioritario 91E0* Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (<i>Alno- Padion</i>, <i>Alnion incanae</i>, <i>Salicion albae</i>). Esta unidade non pode verse afectada, xa que a afección vai a ser irreversible e permanente e isto é incompatible coa súa protección comunitaria. A propia mercantil recoñece que este hábitat verase afectado cando se producen cruces nas liñas de evacuación.</p> <p><b>Prexuízos irreversibles para carballeiras e bosque autóctono:</b></p> <p>acompañando ao carballo é frecuente o acivro (<i>Ilex aquifolium</i>). Estas carballeiras serán atravesadas polos accesos ás mesmas. E volvemos a insistir en que esta afección é permanente ao supor a eliminación de exemplares. Esta eliminación é incompatible coa conservación destes</p>
--	--	--	--	--	--

				<p>Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndoas viables". O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher) en Galicia indica: "A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de 8 inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reprodutora superior a 112 parellas". Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade. No Censo de Escribenta das canaveiras Emberiza schoeniclus lusitanica en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (Emberiza schoeniclus) debería empezar a dar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta. Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas.</p>	<p>exemplares nun estado de conservación favorable tal e como prescribe a Directiva de Hábitats.</p> <p>Indica a mercantil promotora:  <i>"En el área de estudio aparecen varias zonas incluidas en el inventario de humedales de Galicia, de acuerdo al Decreto 127/2008, de 5 de junio, por el que se desarrolla el régimen jurídico de los humedales protegidos y se crea el Inventario de humedales de Galicia, si bien ninguno de ellos se encuentra en el listado de humedales protegidos. Concretamente, los aerogeneradores 2, 3, 4, 5 y 6 del parque se ubican sobre el humedal Brañas do Cabaleiro (código 1120008) que ocupa una extensión de 302,08 hectáreas dentro del municipio de Cervo y no se encuentra dentro de los humedales protegidos del Inventario de Humedales de Galicia. Asimismo, el parque se ubica en un entorno donde aparecen numerosas zonas encharcadizas de carácter temporal. Todas</i></p>
--	--	--	--	---	--



				<p>“Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reproductoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos”, advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.</p> <p><b>Prexuízos significativos para o Lobo. Plan de Xestión do Lobo de Galicia.</b></p> <p><b>O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie como o denominado “Pasada do Lobo”.</b></p> <p>A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo non que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa. O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política</p>	<p><i>las posiciones se ubican en zonas altas, de cumbre o colinas, separadas por zonas de vaguada, con el nivel freático próximo a la superficie donde el terreno presenta una escasa capacidad de drenaje, por lo que es frecuente que se generen depósitos de restos vegetales saturados en agua con tendencia a la formación de turberas.</i></p> <p><i>Todas estas zonas permanecieron encharcadas temporalmente, si bien esta temporalidad dependerá de las características del año hidrológico considerado y de las precipitaciones y escorrentías generadas”.</i></p> <p>A propia mercantil recoñece:  <i>“O trazado da liña 30 kV atravesará tamén arroyos de menor entidade como o rego do Tesouro entre os apoios 7 e 8 e rego do Loureiro entre os apoios 27 e 28 e entre o 31 e 32. Ademais, próximo ao trazado discorre o rego das Longas, afluente do río Covo, non afectado por</i></p>
--	--	--	--	--	---



				<p>conservacionista na planificación económica, especialmente no relacionado coa protección dos hábitats (artigos 3 e 4). O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.</p> <p><b>Unha especie típica deste hábitat é a lacerta vivípara:</b></p> <p>Non podemos considerar que sexa estritamente unha especie ameazada, xa que pode ser mesmo localmente abundante, pero a vinculación con hábitats moi específicos fai que a distribución desta especie sexa descontinua e que algunhas poboacións sexan moi vulnerables ás alteracións dos seus biótopos característicos.</p> <p><b>VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA.</b></p> <p>O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribue a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos</p>	<p><i>directamente pola liña, pero si atravesado polo acceso ao apoio 17. En calquera caso, estes regachos non se atopan incluídos dentro da rede hidrográfica básica definida pola Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa, correspondéndose con arrosios de carácter temporal. En relación á liña aérea AT 132 kV de evacuación do parque e a liña de abastecemento MT 20 kV á subestación eléctrica, non se produce ningún cruzamento con cursos de auga. O número de cursos de auga atravesados é moi baixo, correspondendo a regatos de escasa entidade e de carácter temporal. Catro dos cruces que se producen corresponden co sobrevoo do cableado das liñas eléctricas, non existindo por tanto afección directa aos mesmos. O outro cruzamento prodúcese no acceso ao apoio 17 da liña de evacuación 30 kV, no Rego das Longas”.</i></p> <p>Chama a atención que no</p>
--	--	--	--	--	---

				<p>habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España 16 baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en 10 tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.</p> <p><b>AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS FORESTAIS, MADEREIRAS E AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:</b></p> <p>Cómpre destacar a importancia económica das explotacións forestais e madeiras da área de afección do proxecto como complemento das economías domésticas e familiares. As rendas do sector forestal e a importancia deste ao PIB da Comunidade de Galicia e ao desenvolvemento da industria da madeira foi obviado pola mercantil promotora. A</p>	<p>proxecto da mercantil promotora todo tipo de masas de auga sexan temporais: lagoas temporais, cauces temporais.... A empresa debe realizar un estudo hidrolóxico serio e riguroso evitando a afección aos cauces e por suposto, mantendo a vexetación de ribeira e autóctona nun estado de conservación favorable, o que impide a eliminación desta.</p> <p><b>FRAGMENTACIÓN DO TERRITORIO, DOS HÁBITATS E PERDA DE BIODIVERSIDADE. AUSENCIA DE AVALIACIÓN DOUTRAS INFRAESTRUTURAS.</b></p> <p>Outros parques eólicos presentes na mesma área, liñas de evacuación, camiños, estradas, novos viais do parque, antenas...etc. Obviado pola mercantil promotora.</p> <p>Estradas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• LU- 161</li> <li>• LU-P-1502</li> <li>• LU-P-1505</li> <li>• LU-P-1506</li> <li>• LU-P-1509</li> <li>• LU-P-2604</li> <li>• LU-P-6304</li> <li>• LU-P-6607</li> </ul>
--	--	--	--	--	---

				<p>estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións forestais e madereras e as agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.</p> <p><b>Afección paisaxística moi severa e incompatible cos valores obxecto de protección. Feísmo paisaxístico.</b></p> <p>De acordo co Catálogo de Paisaxes de Galicia a zona de estudo está comprendida en dúas grandes áreas paisaxísticas: “A Mariña – Baixo Eo” e “Galicia setentrional”. Na área “A Mariña- Baixo Eo” atópanse as comarcas de “A Mariña- Baixo Eo-Litoral” que inclúe as infraestruturas do parque eólico, o centro de seccionamiento, así como a liña de evacuación 30 kV entre os seus apoios 1 e 24 (incluídos) e a comarca “A Mariña – Baixo Eo Interior”. Doutra banda, dentro da unidade “Galicia Setentrional”, localízanse dúas comarcas, a comarca de “Rías Altas Litorais” que inclúe a liña de evacuación 30 kV desde o apoio 25 ao 32 (incluídos), a liña de evacuación 132 kV e os apoios 1 ao 12 da liña de abastecemento 20 kV e “</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N-642</li> </ul> <p>Apertura de novos viais para o parque...</p>
--	--	--	--	---	---

				<p>Serras e Fosas Setentrionais”, que inclúe a liña de abastecemento desde o seu apoio 13 ao apoio de entroncamento.</p> <p><b>Afección severa e descontextualización do patrimonio cultural.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>+ GA27013TOP Os Castros</li> <li>+ Cruz da Granda</li> <li>+ Hórreo 1 da Randeia</li> <li>+ Hórreo 2 da Randeia</li> <li>+ Caseto do Carbón</li> <li>+ Cortes do Pedroso Novo</li> <li>+ Cruz do Pico Pedregoso</li> <li>+ Pasal no Río Covo</li> </ul> <p><b>PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL:</b> Sen avaliar</p>	
--	--	--	--	--	--

Segundo a empresa o obxecto do proxecto que presenta non é satisfacer ningunha necesidade pública nin cumprir con obxectivos climáticos ou descarbonizar a economía, senón que o fai por puro interés e estratexia de mercado, polo que o proxecto non se xustifica. Así indica literalmente:

*“Con fecha 14/02/2020, Gas Natural Fenosa Renovables, S.L.U, presentó solicitud de Autorización Administrativa, Aprobación de Proyecto y Declaración de Impacto Ambiental de las instalaciones de producción de energía eléctrica del proyecto denominado Parque Eólico Piago e infraestructura de evacuación (número de expediente IN408A 2020/25) con la finalidad de disponer de una nueva cartera de proyectos que consolide la permanencia de Naturgy Renovables como uno de los productores de energía renovables en la Comunidad Autónoma de Galicia”.*



***Localización prevista para o Aeroxerador 07 con afección ao Hábitat de interese comunitario prioritario HIC 4020\* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix***

### 3.8. Espacios Naturales Protegidos

Ninguno de los espacios naturales protegidos de la Red Natura 2000 se encuentra afectado por las infraestructuras del parque eólico ni sus líneas eléctricas asociadas, tampoco espacios naturales pertenecientes a la Red Gallega de Espacios Protegidos, Áreas Importantes para las Aves (IBA) ni Reservas de la Biosfera. En la siguiente tabla se recogen las figuras más próximas al proyecto:

Figura de Protección	Distancia	Infraestructura
ZEC "Serra do Xistral"	500 m al Sur del parque, líneas de evacuación y de abastecimiento	Aerogenerador 8
ZEC "Monte Maior"	Más de 4,5 km al Oeste del parque, 500 m al Noroeste de la línea de evacuación 30 kV y 2 km de la línea de abastecimiento 20 kV	Línea de evacuación 30 kV, apoyo 23.
ZEPA "Espacio marino de Punta de Candelaria-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares"	Más de 5 km al Norte	Aerogenerador 1
ZEPA "Costas de la Mariña Occidental"	Más de 7 km al Norte	Aerogenerador 1
IBA "Punta Candieira – Ría de Ortigueira – Estaca de Bares"	1 km al Norte	Aerogenerador 1
Reserva de la Biosfera "Terras do Miño"	3,5 km al Suroeste de la línea de evacuación 30 kV y 6,4 km al Suroeste del parque	Línea de evacuación 30 kV, apoyo 32

Tabla 3.2. Figuras de protección próximas a las infraestructuras del proyecto.

### 3.9. Paisaje

#### *Espazos naturais protexidos afectados polas infraestruturas eólicas*



